

APORTACIÓNS Á LEI DE SERVIZOS SOCIAIS

Sen dúbida, a Lei de Servizos Sociais está moi estreitamente vinculada coa educación social, e determinará aspectos importantes do noso quefacer profesional ao longo dos vindeiros anos.

Repasando o proceso de elaboración da lei, en xullo de 2006 presentaban dende a Secretaría Xeral do Benestar o “Documento de bases” para a elaboración da Lei de Servizos Sociais de Galicia. Varios colectivos fomos convidados a participar para facer propostas a este Documento de bases, co obxecto de que posteriormente foran valoradas pola Secretaría Xeral do Benestar e recollidas no anteproxecto de lei. Este proceso resultou algo acelerado xa que os prazos para facer alegacións a un documento tan extenso foi moi axustado, coincidindo ademais co período estival. Pero dende o CEESG conseguíuse formar unha comisión específica de expertos no tema e elaborar un documento que recollía numerosas achegas que foron enviadas dentro do prazo establecido. Dende a web do CEESG animamos tamén aos profesionais a aportar as súas opinións, pero a participación colexial resultou case nula.

En novembro de 2006 tras a elaboración do primeiro anteproxecto por parte da Secretaría Xeral do Benestar, vimos que só algunhas das nosas aportacións foran tidas en conta. Este anteproxecto inicial aínda tivo que pasar polos departamentos xurídicos da Xunta de Galicia, de xeito que o anteproxecto definitivo non puido ser presentado ata xaneiro deste ano. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicou no DOG de 30 de xaneiro o anuncio a través do cal abría o trámite de información pública, polo que os interesados terían quince días para presentar opinións ou alegacións ao texto. É este o momento de insistir naqueles aspectos que non foran valorados anteriormente ou ben facer novas achegas. No CEESG optouse pola segunda opción, xa que consideramos necesario centrarnos naqueles aspectos que estaban recollidos no anteproxecto de lei pero non foran contemplados no Documento de bases e que polo tanto, non tivemos opción de valorar naquel momento.

A continuación, recollemos un breve esquema destas últimas aportacións enviadas á Secretaría Xeral do Benestar durante o período de información pública:

TARXETA SOCIAL (artigo 17)

Debería aclararse se a tarxeta social se lles entregará a todos os cidadáns ou só ás persoas que acudan aos servizos sociais. Se o que se pretende é facer visible e normalizado o sistema público de servizos sociais, toda a cidadanía debería ter a súa tarxeta social para evitar a estigmatización ou “etiquetaxe” das persoas que fan uso destes servizos.

PROFESIONAL DE REFERENCIA (artigo 24)

• **Titulación do profesional de referencia**

Consideramos que non se debe establecer un perfil específico do profesional de referencia senón falar de “profesionais de servizos sociais” (tal como se fai no resto do texto do anteproxecto), definíndoo como un “profesional da rede pública de Servizos Sociais que será asignado segundo as particularidades de cada concello”. Outra opción sería diferenciar entre:

- *o traballador social como o titular da Unidade Territorial que lle corresponde ao cidadán segundo o seu lugar de residencia e que centralizaría todas as orientacións e trámites, etc.*
- *o “profesional de referencia”, que pode coincidir co traballador social ou ser outro profesional do equipo interdisciplinar.*

• **Acceso ao expediente social básico**

*Debería constar expresamente que **todos os profesionais do equipo poderán ter acceso ao expediente social básico** e que este estará composto polos informes dos diferentes profesionais implicados no proceso de intervención social.*

• **Dereito a cambiar de profesional de referencia**

No artigo 6, que recolle os dereitos das persoas en relación aos servizos, consideramos necesario engadir o dereito a solicitar o cambio de profesional de referencia cando considere que non está sendo atendido conforme ao resto de dereitos que se mencionan nese artigo.

FUNCIÓNS E COMPETENCIAS PROFESIONAIS (artigo 11)

Ao sinalar as funcións dos Servizos Sociais comunitarios básicos relátanse, en certo modo, as funcións e competencias das/os Educadoras/es Sociais nos Servizos Sociais de Atención Primaria, e que no anteproxecto se referencian de maneira común aos profesionais dos servizos sociais, sen distinguir entre uns perfís e outros.

Agora queda por parte do colexio comprobar se estas últimas aportacións foron valoradas, e seguir insistindo nas nosas reivindicacións, xa que a partir de agora comezará o trámite legislativo no Parlamento de Galicia, onde aínda podemos contactar cos Grupos Parlamentarios para facerlles saber as nosas propostas.

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Realización de enquisa (telefónica e web) acerca da comunicación dende o CEESG. O cuestionario estará dispoñible na área privada de www.colexioeducadores.com ata o próximo 23 de marzo.
- ✓ Enquisa sobre a contribución solidaria do CEESG no ano 2008, para seleccionar o proxecto ao que se destinará o 1% dos ingresos correntes concernentes ao exercicio 2007, ata o límite de 2.000 €. Estará dispoñible na área privada de www.colexioeducadores.com ata o 15 de xullo de 2008.
- ✓ Colaboración na difusión, entre os profesionais do ámbito de drogodependencias, dun Seminario de traballo sobre Drogodependencias, organizado polo grupo de investigación de *Pedagogía Social e Educación Ambiental* (SEPA) da Universidade de Santiago de Compostela, que tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación o día 12 de febreiro.
- ✓ Encontro con Lois Pérez Castrillo, xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, co obxecto de presentarlle o colexio e amosarlle a disposición a colaborar en calquera asunto de interese común. Presentóuselle unha proposta formativa dirixida a Educadoras/es Familiares e un documento elaborado e asinado polo CEESG e polo Colectivo Galego do Menor, no que se xustifica o perfil do Educador/a Social como o máis axeitado para desempeñar funcións de Educación Familiar. Tivo lugar o día 12 de febreiro. Asistiron Chus Gutiérrez, Alberto Fernández e Montse Sánchez (vogais e empregada do CEESG)
- ✓ Adhesión ao Foro Social Galego.
- ✓ Envío á Secretaría Xeral de Igualdade dunha proposta formativa dirixida a Educadoras/es Familiares.
- ✓ Envío á Secretaría Xeral do Benestar de aportacións ao Anteproxecto de Lei de Servizos Sociais de Galicia.
- ✓ Asistencia á presentación da Unidade de Atención ás Familias da Área de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela, que tivo lugar o día 19 de febreiro na Fundación Granell. Asistiron Duarte Crestar, Sofía Riveiro e Laura Cruz, vogais do CEESG.
- ✓ Colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, coa designación dunha docente para impartir un módulo formativo o día 4 de marzo en Santiago de Compostela, titulado *Técnicas educativas no traballo con familias: a relación educativa e o acompañamento para o empoderamento persoal e social*. Realizará esta tarefa Águeda Valín, vogal do CEESG.
- ✓ Asistencia á Asemblea Constituinte do *Colegio Profesional de Educadoras y Educadores Sociales de Aragón*, que tivo lugar en Zaragoza o día 23 de febreiro. Asistiu Alberto Fernández de Sanmamed, presidente do CGCEES e vogal do CEESG.
- ✓ Colaboración co Servizo Galego de Igualdade, coa selección dun/ha educador/a social para o desenvolvemento de obradoiros dirixidos a adolescentes sobre resolución de conflitos, centrados na prevención da violencia de xénero, que se desenvolverán nos próximos meses en diversos concellos de Galicia. Difusión a través da bolsa de emprego de www.colexioeducadores.com e do servizo de avisos on-line.
- ✓ Oferta do **Hotel Carlos I Spa ******, que ofrece **tarifas especiais** para as/os colexiadas/os do CEESG, coa proposta "**Escapadas 2008**", que ofrece catro alternativas: *Relax, Vinoterapia, Antiestrés e Chocolate*. Máis información: Hotel Carlos I Spa **** (C/ Vigo s/n – Sanxenxo – Pontevedra) hotelcarlosprimero@carlosprimero.com Tlf.: 986727036

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. N° extraordinario. Igualdad de Oportunidades para Todos. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Ano 2007.
- Xornal "Entre Mayores. Hablamos de tí" N° 76. Febreiro de 2008.
- Revista "Perfiles. Revista General de Política Social" N° 238. Febreiro 2008. ONCE.
- Revista "Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa" N° 37. Setembro-décembro 2007. Monográfico: Hacia un modelo de gestión eficaz en las organizaciones sociales.
- "Boletín CDD" Observatorio Vasco de Drogodependencias. N° 147. Xaneiro 2008.
- Revista "Educar(NOS)" N° 39. Xullo-setembro 2007. Grupo Milani.
- Xornal "Infoxove" N° 22. Febreiro 2008. Xunta de Galicia.

ARTIGO DE INTERESE: ENQUISAS SOBRE ACTIVIDADES DO CEESG

No último mes, puxemos a disposición de todas e todos os colexiados dúas enquisas nas que queremos recoller o voso parecer respecto a diversas cuestións que afectan á actividade do colexio:

ENQUISA SOBRE COMUNICACIÓN. Dende a Área de Comunicación pretendemos analizar as canles de comunicación entre o colexio e os seus membros, para despois valorar se procede modificar ou impulsar dalgún xeito os soportes actuais (boletín, páxina web...), buscando melloras.

A enquisa realízase a través de chamadas telefónicas ao azar entre colexiadas/os e a través dun formulario web que estará dispoñible ata o día 23 de marzo, pero recordemos que o colexio é unha estrutura participativa e aberta en todo momento ás aportacións, propostas, críticas, suxestións, ideas... de todos os seus integrantes.

ENQUISA SOBRE APORTACIÓN SOLIDARIA. Queremos colaborar, como xa se fixo noutras ocasións, cun proxecto solidario dalgunha organización non governamental para o desenvolvemento, destinando o 1% dos ingresos correntes do exercicio 2007, ata o límite de 2.000 €.

Segundo o resultado desta enquisa seleccionaremos o proxecto ou entidade que se beneficiará desta decisión. Pode elixirse entre tres opcións: proxecto en Bolivia (similar aos doutras ocasións), Fundación Vicki Sherpa Eduqual ou Fundación Barenboim Said.

Para incluír outras iniciativas coas que podamos colaborar en vindeiros anos podes enviarnos os seus datos para telas en conta.

Este cuestionario estará dispoñible ata o 15 de xullo.

O acceso a ambas enquisas é a través da área privada de www.colexioeducadores.com

Área de Comunicación

FORMACIÓN CONTINUA**FORO INTERNACIONAL SOBRE COMUNICACIÓN E MINORÍAS ÉTNICAS**

Organiza: Observatorio Galego dos Medios.

Lugar e datas: Encontro virtual entre o 17 e o 26 de abril e xornada presencial o 26 de abril en Vigo (podendo participar nunha ou en ambas modalidades)

Información: observatorio@xornalistas.com / www.observatoriodosmedios.org

FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADAS/OS DO CEESG**CURSO DE INTERVENCIÓN CON VITIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

Convoca: Cruz Vermella Ourense.

Contido: Curso teórico para a adquisición de coñecementos e habilidades necesarias para a intervención con vítimas de violencia de xénero.

Prazo de inscrición: ata o 20 marzo de 2008.

Datas: Do 7 ao 16 de abril.

Duración: 30 horas

Requisitos: Cursos dirixidos a profesionais, futuros profesionais do eido ou persoas interesadas na temática.

Prezo: 100 €, con **desconto dun 10%** para persoas colexiadas.

Informa: Cruz Vermella Ourense.

R/ Díaz de la Banda; N° 40. CP: 32004.

Telf: 988-22-24-84. Ext: 1020 ou 1003.

ourense@cruzroja.es / www.cruzroja.es

CURSO DE HABILIDADES SOCIAIS NO TRABALLO CON MAIORES

Convoca: Cruz Vermella Ourense.

Contido: Curso teórico- práctico para a adquisición de coñecementos e habilidades necesarias para a intervención con persoas maiores.

Prazo de inscrición: ata o 15 marzo de 2008.

Datas: Parte teórica: do 3 ao 26 de abril (xoves, venres e sábados de 16:00 a 20:00 h.). Parte práctica: mes de maio.

Duración: 100 horas. Distribuiranse en 50 horas teóricas e 50 horas prácticas realizadas nos programas de persoas maiores con Cruz Vermella Ourense.

Requisitos: Cursos dirixidos a profesionais ou futuros profesionais do eido social.

Prezo: 150 €, con **desconto dun 10%** para persoas colexiadas

Informa: Cruz Vermella Ourense.

R/ Díaz de la Banda; N° 40. CP: 32004.

Telf: 988-22-24-84. Ext: 1020 ou 1003.

ourense@cruzroja.es / www.cruzroja.es

NOVAS DOS BOLETÍNS**EMPREGO**

Concello de Meis (Pontevedra): Oferta de emprego público 2007. Unha praza de Educador/a Familiar. DOG de 06/02/08

Concello de Cangas (Pontevedra): Oferta emprego público 2007. Tres prazas de Animador/a Sociocultural. BOP de 08/02/08

Concello de Ponteareas (Pontevedra): Modificación das bases para a cobertura con carácter interino de prazas reservadas para a contratación temporal de persoal laboral publicadas no BOP de 25/05/05, admitindo como titulación válida para acceder á praza de Educador Social aos Diplomados/as en Educación Social e aos habilitados/as polo CEESG. BOP de 14/02/08

Concello de Foz (Lugo): Anuncio das bases específicas para prover como persoal laboral fixo dous postos de traballo de Monitor Gaia e Tempo Libre previstos na oferta de emprego público de 2007. BOP de 19/02/08

OUTROS

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Resolución pola que se publica o Convenio de colaboración, entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización de programas experimentais de prevención en situación de risco e tratamento de familias nas que se producen malos tratos. BOE de 12/02/08

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Resolución pola que se publica o Convenio de colaboración, entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización de programas de execución de medidas para menores infractores. BOE de 13/02/08

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria. DOG de 15/02/08

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social. DOG de 15/02/08

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Decreto 19/2008, do 7 de febreiro, polo que se crea a Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas. DOG de 20/02/08

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Resolución pola que se convoca a concesión de subvencións na área de integración dos inmigrantes, solicitantes de asilo e outras persoas con protección internacional. BOE de 20/02/08

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Orde pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións sometidas ao réxime xeral de subvencións da Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade. BOE de 21/02/08. Corrección o 23/02/08

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se establecen e se convocan axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio. DOG de 21/02/08. Corrección o 28/02/08

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria. DOG de 22/02/08

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Resolución pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións no ámbito de colaboración con órganos da Administración Xeral do Estado e institucións sen ánimo de lucro que contraten traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social. BOE de 27/02/08.

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Resolución do Instituto da Xuventude, pola que se convoca a concesión de subvencións para o ano 2008. BOE de 28/02/08

FORMACIÓN CONTINUA**OFERTA DE EMPREGO**

Posto: Profesionais para centro de formación

Convoca: Centro de Formación AEIA

Lugar: Mos (Pontevedra)

Proceso de selección:

1ª FASE: Valoración de currículo

2ª Fase: Entrevista de selección

Contacto: Enviar currículo por correo electrónico a josepineiro@asesoriaeia.com ou presentalo persoalmente nas oficinas de Vigo, ubicadas en:

Rúa Gregorio Espino 52, Entr. 3 - Vigo (Pontevedra)

Tlf.: 986266151 / Fax: 986267911

http://formacionaeia.blogspot.com

Prazo de envío de currículo: ata o 22 de marzo.

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Colabora:

